

As migracións exteriores

Son mov. de poboación fóra das fronteiras do propio país. Entre 1/2 do s. XIX e o ano 1975 España foi un país de emigrantes, as chamadas migracións tradicionais, supuxeron un elevado volume de emigrantes con destino a ultramar e a Europa occidental.

mi
todos
somos
gran
tes

18 de Diciembre - Día Internacional del Migrante



As migracións transoceánicas



- Dirixida a América Latina, USA, Canadá e Australia.
- En xeral foi unha emigración permanente e asistida.

Diferentes etapas:

- Auxe: entre 1/2 s.XIX e 1914

- Demanda de man de obra.
- Atraso económico español.
- Procedencia atlántica: galegos, asturianos e canarios.
- Destino: Arxentina, Cuba, Brasil.
- Perfil: varón, novo, de baixo nivel de cualificación...

- Decadencia: entre dúas guerras mundiais

- Inseguridade provocada pola 1º G. Mundial.
- Crise económica de 1929: cotas á chegada de inmigrantes.
- Guerra Civil e posguerra.

- Auxe: entre 1945 e 1960

- Cambios nas relacións internacionais.
- Procedencia atlántica: galegos e canarios.
- Destino: Venezuela, Arxentina e Brasil.
- Perfil: maior nivel de cualificación, + emigración familiar.

- Decadencia: desde 1960

- Competencia da emigración a Europa.
- Decadencia económica dos países latinoamericanos.
- Últimas décadas do s. XX moi reducida, predomina o retorno; en aumento desde crise de 2008.



As migracións transoceánicas

- Dirixida principalmente a **América Latina** e secundariamente a Estados Unidos, Canadá, Australia..., pasou por varias etapas de auxe e crise.
- En moitos casos foi unha emigración **permanente e asistida***, pero tamén houbo saídas temporais para traballar na construción de grandes infraestruturas (estradas, portos, canais...) ou para facer tarefas agrarias.



a) Etapa de auxe desde 1/2 do s.XIX ata a 1ª G. Mundial

-Os países latinoamericanos facilitan a inmigración pois necesitan poboarse, explotar os seus recursos, construír grandes infraestruturas..., a proximidade cultural...

-España limitou os obstáculos á emigración, que se converte nunha solución para poder fuxir da presión demográfica, das escasas oportunidades que ofrecía unha economía de base agraria e atrasada...

-O perfil do emigrante era varón, novo e con pouca cualificación. A súa procedencia era sobre todo atlántica (galegos, canarios, asturianos) e o seus destinos principais foron Arxentina, Cuba e Brasil, onde ocuparon postos de traballo relacionadas coa agricultura.



b) Decadencia entre as dúas Guerras mundiais (1915-45)

- Inseguridade creada pola 1ª Guerra fixo decaer as saídas, nos anos 20 recuperáronse, pero con valores inferiores á etapa anterior.
- Os efectos da crise de 1929 sobre a economía latinoamericana levaron ao establecemento de cotas anuais de inmigrantes.
- A Guerra Civil española e a posguerra (1936-49) tamén supuxeron un freo á emigración: escaseza de transportes, bloqueo internacional e dificultades para saír ao exterior...



Almaceneiros galegos nunha fotografía que se conserva no Arquivo da Emigración Galega

“Pero así como estamos dispuestos a garantizar el trabajo y el bienestar del hombre que venga de la Península pedimos por nuestra parte que los que vengan sean trabajadores del campo y que no se nos mande la hez de las poblaciones como ha sucedido ya con trescientos que vinieron para las minas y que esta Compañía tuvo que devolver a Málaga. La experiencia nos ha enseñado que los trabajadores de las Islas Canarias son los que más nos conviene aquí y si el Gobierno pudiese mandárnoslos de aquellas Islas o de las provincias de Galicia, Asturias y Vascongadas el éxito sería completamente seguro.”

c) Entre 1945 e 1960 a corrente ultramarina recuperouse

-Esa recuperación foi posible grazas á apertura propiciada polo réxime franquista, pero as cifras son menores que a principios do século.

-A **procedencia** segue a ser sobre todo galega e canaria e non tanto asturiana. Os **destinos** prioritarios foron Venezuela, Arxentina e Brasil.

-O **perfil** dos emigrantes cambiou, xa que os países receptores necesitaban man de obra cualificada para desenvolver a súa economía e industria, polo que demandaban sobre todo obreiros e técnicos industriais ou agricultores preparados.

MIGRACIONES TRANSOCEANICAS. 1885-2001					
1.º AUXE	1885	18 680	2.º AUXE	1950	55 314
	1890	43 368		1955	62 237
	1895	100 702		1960	33 529
	1900	38 003		1965	9 505
	1905	90 692		1970	6 921
	1910	153 796		1975	3 322
DECADENCIA	1915	61 284	2.º ETAPA DE CRISE	1980	1 525
	1920	163 465		1985	979
	1925	88 921		1990	551
	1930	56 353		1995	194
	1935	20 946		1999	143
	1940	4 076		2000	89
	1945	3 378		2001	47




Imagen de los tripulantes de "La Elvira" a su llegada a Puerto de Garupano, Venezuela, en Mayo 1949

**Apresados en Venezuela
160 inmigrantes ilegales Canarios**

d) Desde 1960 a emigr. transoceánica descendeu

-O declive da economía latinoamericana e a competencia coa emigración a Europa motivo ese descenso das saídas.

-Na última década do s.XX e principios do s.XXI as cifras son moi baixas (traballadores industriais, técnicos, profesores, membros de ONG...) e predominan os retornos (xubilados, 2ª xeración...). A crise iniciada en España en 2008 supuxo un lixeiro incremento...



Exposición:

EMIGRANTES ESPAÑOLES EN AMÉRICA: DESTINO CUBA

Nosotr@s también fuimos l@s otr@s

Gran Teatro de La Habana

realización de visitas,
ponencias, mesas redondas,
presentación de libros,

A migración a Europa


Diferentes etapas:

- Ata ½ s.XX

- Escasa e estacional.
- Especialmente a Francia para facer tarefas agrícolas.
- Posteriormente refuxiados políticos...


- Auxe: entre 1950 e 1973

- Gran volume de saídas, que supoñen o freo da emigración transoceánica.
- Países europeos necesitan man de obra.
- Imp. crecemento demográfico en España.
- Mecanización do campo e industrialización que non xeraba traballo suficiente.
- Procedencia: especialmente Galicia e Andalucía.
- Destino: especialmente Francia, Alemaña e Suíza.
- Perfil: adultos novos, pouco preparados, que emigran de forma permanente (contrato de traballo dun ano ou máis de duración) e ocupan postos de traballo de pouca cualificación e mal remunerados.

- Decadencia: a partir de 1973

- Crise económica europea supón retornos.
- Desde entón as cifras son baixas: emigración de tempada ou temporal...
- A **crise económica actual** está a provocar un aumento das saídas....

Non esquecer que coincide no tempo co éxodo rural desde o interior peninsular...




A emigración a Europa

A emigración permanente a Europa (con contrato de traballo dun ano ou máis de duración) pasou por varias etapas. (Non esquecer que coincide no tempo co éxodo rural no interior español...)

a) Ata ½ do s. XX

-Foi escasa e estacional, procedía sobre todo do campo levantino e se dirixía maioritariamente a Francia, na búsqueda dun traballo na agricultura, construción ou no servizo doméstico.

-Máis tarde as saídas de refuxiados políticos tamén foron importantes.





b) Etapa de auge entre 1950 e 1973


-Foi a etapa de maior volume de saídas, que só se viron reducidas entre os anos 1964 e 1968, pola oferta de traballo en España e a crise económica europea.


-Os **países europeos**, en pleno proceso de recuperación industrial, **necesitaban man de obra**, xa que tiñan problemas de *subpoboación*...


-En **España** a emigración debeuse ao forte crecemento demográfico, ao excedente de pob. agraria e a un proceso de industrialización, que era importante, pero que non absorbía toda a demanda de traballo.

-A **procedencia** era de todas as rexións, pero especialmente de Galicia e Andalucía, e o seu **destino** prioritario foi Francia, Alemaña e Suíza.



-O **perfil** dos emigrantes era o de adultos novos, pouco preparados, que desempeñaron os traballos menos cualificados e peor retribuídos na minaría, na construción, industria, servizo doméstico...








Entre 1959 e 1973 emigraron ao continente europeo máis dun millón de persoas (1066440), o que supón o 71% de todos os emigrantes que saíron de España neses anos. Como mostra a gráfica as cifras oficiais españolas e as dos países receptores non coincidían, como media emigraba un 51% máis de persoas que as que controlaban as autoridades españolas. En 1968 dos 607000 emigrantes españois residentes en Francia, só 103892 tiñan chegado ao país a través do IEE, Instituto Español de Emigración.




EVOLUCIÓN DE LA EMIGRACIÓN 1880 2001



Trabajadores españoles en la estación de Colonia-Deutz, donde llegaba el tren especial procedente de Hendaya, en 1964. / A. M. / DOMIT

SALDO DA EMIGRACIÓN PERMANENTE* A EUROPA. 1959-2000



*Emigración permanente: con contrato de trabajo dun ano ou máis de duración.
 Fonte: Instituto Español de Emigración e Instituto Nacional de Estatística.

Consecuencias das migracións exteriores

a) Demográficas

-Provocaron a perda de pob. nas rexións afectadas e contribuíron a aumentar os desequilibrios na ditribución da pob. española. (Non esquecer que as zonas máis afectadas estaban tamén a sufrir un importante éxodo rural cara ás cidades industrializadas e iniciando así un rápido proceso de avellentamento...)



b) Económicas

-Por un lado foron **positivas**, pois aliviaron o forte crecemento natural dos anos 50 e 60 e evitaron situacións de paro. Ademais, as divisas enviadas polos emigrantes contribuíron a financiar o desenvolvemento económico español...

-Por outro lado foron **negativas**, pois eses cartos foron invertidos nas zonas máis desenvolvidas e non nas zonas de partida dos emigrantes e moitos dos que regresaron non o fixeron ao seu lugar de orixe, senón a zonas máis desenvolvidas, onde esperaban atopar traballo... o cal contribuiu a aumentar as diferenzas interrexionais...



As divisas chegaron a alcanzar entre 1960 e 1974 a cantidade de 750000 millóns de pesetas (uns 4500 millóns de euros). Eses ingresos, máis os xerados polo turismo, foron os pilares básicos do desenvolvemento económico dos anos 60 en España.

c) Sociais (páx.319) (páx.317)

c) Decadencia a partir de 1973

-A crise económica da década dos setenta provocou paro nos países europeos e moitos emigrantes retornaron.

-Desde entón a emigración mantense en cifras baixas. Desde últimos anos do s.XX é, sobre todo, de **tempada** (ata 3 meses) e **temporal** (entre 3 meses e un ano), integrada especialmente por homes galegos e andaluces, que se dirixen a Francia ou a Suíza para traballar en tarefas agrarias, industria, construción...

-Tamén existe unha emigración temporal para ocupar postos de traballo de maior cualificación profesional: profesores, estudantes, cargos políticos e de administración en relación coa U.Europea...


- **A crise económica actual ...**



O MUNDO AO REVÉS!!


España deixou de ser un país de inmigrantes para converterse nun país de emigrantes. A cifra dos que se foron de España aumentou un 36,6% no ano 2011, superando por primeira vez aos que chegaron.

Quen o ía dicir? Quen ía dicir que América Latina sería o segundo destino dos emigrantes españois na actualidade? En 2011 recibiron 11.079 (Arxentina, Ecuador, Venezuela...) , detrás dos 14.579 que escolleron quedarse na UE (R. Unido, Francia e Alemaña son os principais destinos). En terceiro lugar, figura América do Norte con 4.013.



O curioso é que ata China está blindando as súas fronteiras. O xigante asiático puxo en marcha unha serie de medidas para xestionar a avalancha de estranxeiros, moitos deles españois, que fuxen da crise global atraídos polo crecemento da súa economía.

Estimacion de crecimiento de la Economía Mundial entre 2008-2010 segun el FMI.



👉 Por primera vez en una década se van más que vienen

CASI SE DUPLICA EL NÚMERO DE ESPAÑOLES QUE VAN A TRABAJAR FUERA



👉 **ESPAÑA CAMINA HACIA EL SUICIDIO DEMOGRÁFICO**

SABER ALEMÁN, REQUISITO FUNDAMENTAL
PARA TRABAJAR AL SERVICIO DE MERKEL.

EU SON GALEGO.
ICH BIN GALICISCHE

CALDO DE NABIZAS.
RÜBENSUPPE.



Silvas

FUGA DE CEREBROS



SALDO MIGRATORIO EN EL ESTADO ESPAÑOL 2008 - 2013



INMIGRACIÓN

EMIGRACIÓN

AÑO INMIGRANTES EMIGRANTES SALDO MIGRATORIO

AÑO	INMIGRANTES	EMIGRANTES	SALDO MIGRATORIO
2008	599.074	288.432	310.642
2009	392.963	380.118	12.845
2010	360.704	403.379	-42.675
2011	371.335	409.034	-37.699
2012	304.054	446.606	-142.552
2013	280.772	532.303	-251.531
2014	305454	400429	- 94975


INE

Os datos publicados polo INE sobre migracións exteriores indican que a **saída de poboación desde España cara ao estranxeiro freouse ao longo do 2014**. Tras a crise iniciada no ano 2008 o saldo migratorio exterior converteuse por primeira vez en negativo no ano 2010; as cifras da perda de poboación foron en aumento ata o ano 2013, no que o saldo negativo foi maior de 250000 persoas. Esas cifras negativas reducíronse no ano 2014 debido especialmente á diminución das saídas. **Será o final da perda de poboación causada pola crise económica???**



Evolución de la migración exterior de España por semestres 2013-2015

Fonte: INE



As **consecuencias** desta emigración exterior para España son **positivas** pola redución da demanda de traballo e do pagamento de prestacións por desemprego; pero resultan **negativas** pola perda de poboación nova, emprendedora e con boa formación.

Movimientos migratorios durante el primer semestre de 2015(*) por nacionalidad

	Inmigración	Emigración	Saldo migratorio
Total	157.221	164.606	-7.385
Españoles	23.078	50.844	-27.766
Nacidos en España	10.747	32.980	-22.233
Nacidos en el extranjero	12.331	17.863	-5.532
Extranjeros	134.143	113.763	20.380
Nacidos en España	3.177	6.352	-3.175
Nacidos en el extranjero	130.966	107.411	23.555

(*) Datos provisionales

Fonte: INE